


LÚA DO SENEGAL

de AGUSTIN FERNANDEZ PAZ
(869N-FER-lua)

Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa no sur do Senegal, para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado. Na nova terra, a vida é dura para Khoedi: non coñece a ninguén e todo lle resulta diferente.



Ismael, que foi mariñeiro



Juan Fariás (869-FAR-ism)
En Miradonde, a aldea onde acaba o mundo, vive un mozo de boa familia, orfo de pai, que ve pasar a vida sen poder dar renda solta ós seus sentimentos. Ismael, un vello mariñeiro, será o seu cómplice e confidente. El fállale da súa vida, das súas viaxes, das súas lembranzas do mar e dos amores perdidos.

CUENTOS DE NAVIDAD

CHARLES DICKENS (860-DIC-cue)




Este volume, ricamente ilustrado coa obra dalgúns dos máis brillantes artistas do seu século, reúne os contos publicados entre os Nadaís de 1843 e as de 1848, é dicir, “Canción de Nadal”, “As campás”, “O grilo do fogar”, “A batalla da vida” e “O enfeitizado”. Son textos nos que se combinan con singular acerto o realismo con elementos da novela gótica (o misterio, o horror, o milagre).

Cómic

El ladrón de días

Clive Barker / Gabriel Hernández
(791C-BAR-lad)

Harvey Swick é un rapaz que necesita vivir unha aventura se non quere morrer de aburrimiento. E vaino conseguir en “Villa Vacaciones”, una mezcla do País de Nunca Xamais e de parque de atraccións, onde cada día é Navidad; onde as cuatro estacións succédense nun solo día; onde cada comida é un manxar; onde non hai escola; onde o precio pola diversión é unicamente... a propia vida!
Adaptación ao cómic da novela de Clive Barker, cos debuxos de Gabriel Hernández.



Biblioteca

IES Pedra da Aguia

Guía de Lectura

Un Nadal de libro



“O profesor ten que asesorar, facilitar información sobre temáticas, autores ou argumentos, pero debe deixar que os alumnos tomen a última decisión.

Un sistema de listas abertas, a presentación de reseñas publicadas o a revisión conxunta de catálogos de literatura xuvenil poden ser boas ideas para proporcionar aos alumnos criterios de selección e deixarles tomar as decisións”.

Daniel Cassany

O home que plantaba árbores


Jean Giono / Ilust: Jacobo Fernández
(869-GIO-hom)

Velaquí un libro que fala da xenerosidade humana sen límites. Do respecto á natureza, da aposta pola vida e do amor á terra e a todo o que dela pode agromar.

Moitas veces non podemos ver, de forma inmediata, como nos gustaría, os efectos sobre a natureza do que facemos ou deixamos de facer.

Esta historia de Jean Giono permite que nos fagamos unha idea moi aproximada do beneficiosa que pode ser a nosa acción, incluso individual, ao longo do tempo.

Preciosa narración, e preciosas ilustracións, sobre un home que, en solitario, adicase a plantar árbores ao longo de moitos anos da súa vida...



Crimen y misterio

Antología de relatos de suspense (860N-AUT-cri)

Unha atractiva selección con textos dos grandes mestres do suspense que inclúe: *Os ladróns que non podían deixar de estornudar*, de T. Hardy; *O agasallo de Nadal do chaparral*, do Henry; *A historia do Home Leopardo*, de Jack London, *O corazón delator*, de Edgar Allan Poe, *Markheim*, de Robert Louis Stevenson e *O crime de Arthur*



Lectores Adultos

SOL DE INVERNO

ROSA ANEIROS (869N-ANE-sol)

Sol de Inverno, a obra coa que Rosa Aneiros gañou o Premio Xerais 2009, é unha novela comprometida que debuxa o periplo vital dunha personaxe: Inverno. A protagonista habita diversos escenarios que nos conducen desde a perdida aldea de Antes a Barcelona, para relatarnos a crueldade da guerra. Cuba...




Tengo ganas de ti

Federico Moccia (860-MOC-ten)

Segunda novela da serie; unha deliciosa historia que nos fala de desexos, amor e soños. Step regresa de Nova York a Roma. O recordo de Babi acompañouno todo este tempo e teme o momento de reencontrarse con ela. Axiña se decata de que as cousas cambiaron e que terá que reconstruír a súa vida en Italia: facer novos amigos, conseguir un emprego, empezar unha nova etapa... Coñece a Gin, unha moza alegre e preciosa, e cre que poderá volver namorarse. Pero..., é posible revivir a maxia do primeiro amor?



A praia dos afogados




Domingo Villar (869-VIL-pra)

Despois de *Ollos de auga* chega estoutro título do mesmo autor. Neste novo libro, o detective galego, Leo Caldas, e o seu axudante, Estévez, enfróntanse a un novo caso, que en principio parece un mero suicidio dun pesador taciturno e depresivo, pero que se vai enredando cada vez máis., cando aparece en escea un antigo naufraxio, as pintadas que recordan aquela data, a pantasma do patrón do barco...

Los Mejores Relatos de Terror

Varios autores (860N-AUT-mej)

Os mellores relatos de terror é unha selección de narracións xeniais que manteñen ao lector con esa tensión que só mestres do xénero como Edgar Allan Poe, H. G. Wells e outros autores son capaces de conseguir. O terror e o misterio ocultos tras o descoñecido, os pánicos privados xurdirán de xeito imprevisto e definitiva.



Información

Sexualidade

Saber para Vivir (37-SÁN-sex)

A adolescencia é unha etapa de cambios, na que se desenvolve a nosa sexualidade e aparecen novos sentimentos...

Os xóvenes necesitan atopar respostas as súas dúbidas para desenvolverse plenamente e prever problemas como embarazos non desexados ou enfermidades de transmisión sexual.



Cine en DVD

Corazón de tinta

O maravilloso libro de Cornelia Funke levado ao cine. Unha película que fala dun libro. Un libro que fala de libros e de lectores. Libros e lectores que intercambian mundos entre si...

Xa estamos esperando a que cheguen as seguintes películas da triloxía



Seabiscuit

No inverno de 1937 Norteamérica vivía a súa década máis catastrófica, con millóns de persoas que perderan o seu traballo. A pobreza alimentaba a desesperación e a desilusión. Nesta situación apareceu un cabalo, capaz de superar as situacións máis difíciles, simbolizando así a esperanza para milleiros de persoas.



Cambio climático

Saber para Vivir (37-VÁZ-cam)

O clima é un elemento primordial para entender os fenómenos naturais e o desenvolvemento das civilizacións ao longo da Historia, que tiveron que adaptarse a un medio cambiante. Parece que estes cambios se acelera debido á industrialización do mundo e, en consecuencia, estase a producir un quencemento global. Da intelixencia e capacidade humanas dependerá que poidamos mitigar este efecto e adaptarnos con éxito a él.

